



A INDOLENCIA DA POLICIA LOCAL

Desde anova vimos constatando últimamente o irregular funcionamento da zona azul de Cedeira.

En concreto, na minizona ubicada ao comezo da AVda. de Ezequiel López (2 prazas), sendos vehículos que non sabemos a quen pertencen, nin nos importa, levan varios días alí estacionados. Preguntada telefónicamente a Policía Local sobre se sigue funcionando a devendida zona azul, respóstasenos que “podería ser” (sic). Diante do noso asombro, insistimos na pregunta e a nova resposta “vostede non é ninguén para ocuparse diso”, demostra unha vez máis, por se en ocasións anteriores non quedara meridianamente claro, que alomenos unha parte destes axentes, non sabe que é un servidor público, e a indolencia e a chulería ten que deixalas na casa.

Ou é que este persoal forma parte da xa famosa “CASTA”?

Alguén terá que poñelo(s) no seu sitio...

Dada esta “confusa” situación, solicitamos que desde o Concello se clarifique a forma de actuar na zona azul para que **tódolos cidadáns** seipan a que aterse.



